



## Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local  
Expte. 378/1102

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA:

## **MODIFICACIÓN COMPOSICIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

Tras do RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, polo que se nomea Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo a D. David Regades Fernández, cómpre proceder á reestruturación da organización municipal do Concello de Vigo no que se refire á composición da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

De conformidade co disposto no artigo 126 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local configúrase como o órgano municipal que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas.

Corresponde ao Alcalde nomear e separar libremente aos membros da Xunta de Goberno Local, número que non poderá exceder dun terzo do número legal de membros do Pleno, ademais do Alcalde. A Xunta de Goberno Local responde politicamente ante o Pleno da súa xestión de xeito solidario, sen prexuízo da responsabilidade directa dos seus membros pola súa xestión.

Segundo o exposto e estando integrada a Corporación municipal por vinte e sete membros, constituída o pasado 13 de xuño como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 24 de maio de 2015 e convocadas por Real Decreto 233/2015, de 30 de marzo, corresponde nomear como máximo nove membros da Xunta de Goberno Local, ademais do Alcalde.

A Secretaría da Xunta de Goberno Local corresponderá, ex artigo 126.4º LRRL, a un dos seus membros que reúna a condición de Concelleiro, sendo designado a tal efecto polo Alcalde.

Polo exposto de conformidade co establecido nos artigos 43, 52 e 53 e demais concordantes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e preceptos da normativa anteriormente citada, no exercicio das facultades que como Alcalde-Presidente da Corporación me corresponden:

### **RESOLVO:**



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/07/2018 13:36

Páxina 1 de 2

Expediente 378/1102

CSV: 29E55D-BHB2A5-EHB9AE-AWW9ZB-VE4V55-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Primeiro.- Modificar a Resolución desta Alcaldía de data 15/06/15, relativa á composición da Xunta de Goberno Local, deixando sen efecto o nomeamento de D. David Regades Fernández como membro da mesma, por mor do seu nomeamento mediante RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, como Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo.

Segundo.- Nomear como membro integrante da Xunta de Goberno Local ao concelleiro **D. Francisco Javier Pardo Espiñeira**. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, presidida por esta Alcaldía, estará integrada polos seguintes Concelleiros e Concelleiras:

- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego
- D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- D. Carlos López Font
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez
- D. Cayetano Rodríguez Escudero
- D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez
- D. Angel Rivas González
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez
- D. Jaime Aneiros Pereira

Terceiro.- Comunicar esta Resolución a D. David Regades Fernández, aos concelleiros e concelleiras desta Corporación municipal, aos xefes das diferentes áreas e servizos municipais e, para para xeral coñecemento e efectos, ordenar a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/198, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia, conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno

Quinto.- Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local e, de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, de conformidade co establecido no artigo 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

CCA

Data e sinatura dixital.

O ALCALDE-PRESIDENTE-ABEL CABALLERO ÁLVAREZ

Dou fe. A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL-M<sup>a</sup> CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/07/2018 13:36

Páxina 2 de 2

Expediente 378/1102

CSV: 29E55D-BHB2A5-EHB9AE-AWW9ZB-VE4V55-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>